

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024781	IES do Barral	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura I	1º Bac.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

### Marco legislativo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece que o currículo deberá orientarse a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual.

No novo modelo curricular, o perfil de saída do alumnado ao finalizar o ensino básico constitúese como a ferramenta que concreta os principios e fins do sistema educativo español. Deste xeito, identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvan ao completar a educación básica.

O perfil de saída defínese como o conxunto de competencias persoais, sociais e académicas indispensables para que as e os estudantes alcancen o seu desenvolvemento persoal, resolvan de maneira ética, crítica e sostible situacións e problemas nos distintos ámbitos da vida, busquen e aproveiten oportunidades de mellora, desenvolvan a súa socialización, continúen o seu itinerario formativo e participen activamente na sociedade. Deste xeito, o perfil de saída fixa as competencias que todo o alumnado debe adquirir e desenvolver ao finalizar o ensino básico.

Este perfil de saída concrétese na formulación dun conxunto de descritores operativos para cada unha das oito competencias clave:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CEC).

Os descritores operativos defínense como os desempeños propios de cada unha das competencias clave para a aprendizaxe permanente, que incorporan os coñecementos, as destrezas e as actitudes que o alumnado debería adquirir e desenvolver ao finalizar a ensinanza básica.

En conexión con estes elementos, o currículo galego estrutúrase en obxectivos, que son os desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe requiren as aprendizaxes asociadas aos bloques de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado e os criterios de avaliación e os contidos.

Ademais, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr na aprendizaxe do alumnado de cada bloque e serán o seu referente de avaliación. Así, operan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos.

### Lingua Castelá e Literatura

A materia mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, ao tempo que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade, brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

Os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1.º de bacharelato.

### Contextualización

A maior parte do alumnado do IES do Barral procede de parroquias da periferia do municipio de Pontearreas, caracterizadas pola dispersión demográfica. Estas circunstancias fan que boa parte deste alumnado faga uso do

comedor escolar e que se trasladen ao centro en transporte escolar.

O centro está dotado, entre outras equipacións e instalacións, dunha Biblioteca equipada con varios exemplares dos libros de lectura, así como dun bo número de libros de consulta e de lectura, moitos deles empregados como lecturas optativas polo alumnado.

O instituto dispón, tamén, de instalacións útiles para o traballo interdisciplinar, como unha sala de medios audiovisuais, dúas salas de informática con acceso a internet, un obradoiro de informática, unha sala de música e unha aula de educación plástica e visual. Todas as aulas están dotadas cun ordenador de mesa e unha pizarra dixital.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuizos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A literatura medieval e o Prerrenacemento.	Lectura e análise dunha escolma dos textos máis significativos da literatura medieval. Desde o punto de vista da lírica, achegarase ao alumnado aos primeiros vestixios peninsulares en lingua romance, á lírica primitiva popular, á culta, á poesía cancioneril e aos grandes autores do s. XV. Na narrativa, realizarase unha aproximación á épica, o mester de clerecía, os romances, a narrativa medieval dos s. XII. e XIV e á novela do s. XV. Ademais, os estudantes deberán ler "La Celestina", de Fernando de Rojas.	10	12	X		
2	A lingua como sistema: morfoloxía.	Nesta unidade imos profundar no estudo da palabra. Estudaremos a estrutura interna da palabra e as clases de palabras: o substantivo e o adxectivo; os determinantes e os pronomes; o verbo e as palabras invariables.	10	13	X		
3	Textos: as propiedades do texto e os textos do mundo académico.	Nesta unidade estudaremos as propiedades dos textos (adecuación, coherencia, cohesión e modalización), e practicaremos a construción de textos en tres fases:	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Textos: as propiedades do texto e os textos do mundo académico.	planificación, redacción e revisión. Traballarase a comprensión, a interpretación e a produción escrita e oral dos distintos tipos de textos facendo fincapé nos textos de ámbito académico. Practicarase, especialmente, o resumo.	10	10	X		
4	A literatura renacentista e a barroca.	Esta unidade dedicarase ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista e barroca a través dunha selección dos textos máis relevantes do período. Na lírica, o alumnado achegarase á produción de Garcilaso, Fray Luis, San Juan de la Cruz, Lope, Góngora e Quevedo. Na narrativa, realizarase un percorrido polos principais tipos de novelas para deterse no Lazarillo. Así mesmo, os estudantes lerán unha selección de capítulos do Quijote. Tamén analizaremos as características do teatro barroco e a produción de Lope e Calderón.	10	12		X	
5	A lingua como sistema: sintaxe e semántica.	Imos analizar as relacións entre palabras, tanto polo seu significado como pola maneira en que se combinan para formar estruturas superiores, en concreto, sintagmas e oracións.	15	13		X	
6	Textos: as formas de organización textual	Estudaremos as distintas tipoloxías textuais mediante a análise de diferentes textos e a redacción de textos de distintas tipoloxías e intencións. Ademais, sentaremos as bases para a creación de comentarios críticos.	10	10		X	
7	A literatura ilustrada e romántica.	Esta unidade abordará o estudo da literatura ilustrada e romántica a partir dunha selección dos seus textos máis destacados. Ademais, no bloque de educación literaria, os alumnos e alumnas terán que realizar unha reseña en vídeo dunha lectura escollida de entre un listado facilitado pola profesora.	10	12			X
8	Textos: os medios de comunicación.	Centraremos o estudo nos medios de comunicación de masas. Traballaremos os tipos de textos máis frecuentes nos medios de comunicación (xornalísticos e publicitarios), pois a diario estamos en contacto con estas mensaxes que crean e fomentan hábitos, modelan actitudes e moitas veces deforman a realidade. Estudaremos as características das noticias falsas e o ciberanzol. Tamén continuaremos profundizando no comentario crítico.	15	14			X
9	As variedades lingüísticas.	Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español, así	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	As variedades lingüísticas.	como as diferenzas e interseccións entre lingua oral e lingua escrita. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua.	10	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A literatura medieval e o Prerrenacemento.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos medievais e do Prerrenacemento, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.	PE	90
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado deberá analizar textos medievais e do Prerrenacemento, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia distintos recursos expresivos.	TI	10
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		



Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A lingua como sistema: morfoloxía.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Os alumnos e as alumnas recoñecerán correctamente as categorías gramaticais e relacionarán o predominio de determinadas clases de palabras coa tipoloxía textual e o propósito comunicativo.	PE	90
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis fonolóxico e morfolóxico da lingua mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta. Tamén terá que identificar os procedementos de formación de palabras para solventar problemas de comprensión.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Textos: as propiedades do texto e os textos do mundo académico.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios do ámbito académico. Seleccionará a información relevante.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	O alumnado elaborará resumos e textos sobre temas académicos ou de interese social.	PE	90
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado prestará especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios e aprenderá dos erros ortográficos e gramaticais para mellorar a súa expresión escrita.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe (por exemplo, o uso de fórmulas de cortesía).		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante.	TI	10
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará nos textos orais do ámbito educativo a claridade expositiva, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.</li> <li>- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.</li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.</li> <li>- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</li> <li>- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A literatura renacentista e a barroca.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos renacentistas e barrocos, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.	PE	90
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos renacentistas e barrocos, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Como mínimo, os alumnos e alumnas respectarán a quenda de palabra e evitarán as interrupcións nas interaccións orais.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado elaborará traballos de investigación e expresará as súas conclusións argumentadas sobre o tema proposto: a revisión do canon de beleza desde o Renacemento á actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A lingua como sistema: sintaxe e semántica.	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.	PE	90
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumno recoñecerá funcións sintácticas da oración simple e composta e solucionará problemas de comprensión analizando as relacións semánticas e os valores denotativos e connotativos das palabras.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Textos: as formas de organización textual	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos de distintas tipoloxías. Seleccionará a información relevante.	PE	90
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identificará, como mínimo, a estrutura e os rasgos lingüísticos propios dos textos descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos.		
CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.		
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado presentará aos compañeiros e compañeiras unha análise de artigos de textos argumentativos de temas de actualidade, con fluidez e coherencia, usando un rexistro adecuado e adaptándose ao tempo dispoñible. Prestará atención á dicción e á linguaxe non verbal.	TI	10
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	O alumnado elaborará textos de distintas tipoloxías, con especial foco no texto argumentativo. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, a cohesión e a adecuación.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado prestará especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios e aprenderá do erros ortográficos e gramaticais para mellorar a súa expresión escrita.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado analizará artigos de opinión publicados nos medios de comunicación. Valorarase a fiabilidade e a pertinencia da información		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> <li>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A literatura ilustrada e romántica.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizará as ideas fundamentais de textos complexos da literatura ilustrada e romántica, identificando a intención do emisor, localizando as características da linguaxe literaria e valorando o seu efecto no receptor.		
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria, ás características dos xéneros e subxéneros estudados e de vinculalos con outras obras ou experiencias artísticas e culturais.	PE	90



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será quen de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realizará unha reseña en vídeo dunha obra literaria, con fluidez e coherencia, usando un rexistro adecuado e adaptándose á canle e ao tempo dispoñible. Prestará atención á dicción e á linguaxe non verbal.		
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado elixirá autonomamente textos da literatura contemporánea, argumentará os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela, que deberá quedar plasmada nunha reseña en vídeo.	TI	10
CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Na súa reseña literaria, o alumnado deberá ser capaz de establecer vínculos entre a obra lida e outras manifestacións artísticas, tanto clásicas como contemporáneas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> <li>- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.</li> </ul>

## Contidos

- Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos círculos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
8	Textos: os medios de comunicación.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos dos medios de comunicación. Seleccionará a información relevante.	PE	90
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identificará, como mínimo, a estrutura e os rasgos lingüísticos propios dos textos dos medios de comunicación.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro no mensaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	O alumnado elaborará comentarios críticos sobre temas de interese social, a partir de artigos de opinión. Valorarase a detección da tese e os argumentos do autor/a, a achega de argumentos propios, a calidade, a corrección, a coherencia, a cohesión e a adecuación.		
CA3.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	O alumnado buscará e seleccionará información de textos propios dos medios de comunicación con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	O alumnado deberá consultar distintas fontes e amosar habilidade para verificar a fiabilidade da noticia.	TI	10
CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información.	O alumnado deberá demostrar a súa capacidade para discriminar a información fiable das noticias falsas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	As variedades lingüísticas.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe adecuada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá explicar o desenvolvemento sociohistórico e a situación actual das linguas de España, así como comparar as principais variedades dialectais do español en España e América.	PE	90
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	O alumnado terá que ser capaz de explicar os fenómenos de contacto entre linguas, así como identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	As alumnas e os alumnos deberán detectar, rexeitar e evitar os usos discriminatorios da lingua.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.	No traballo en grupo e nos debates os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.	TI	10
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	En pequenos grupos, os alumnos e as alumnas investigarán sobre dereitos lingüísticos e modelos de convivencia entre linguas. Deberán presentar as súas conclusións sobre a sustentabilidade lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España.</li> <li>- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América.</li> <li>- Estratexias de reflexión interlingüística.</li> <li>- Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.</li> <li>- Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.</li> <li>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A educación lingüística e literaria proposta pola materia de Lingua castelá e literatura na etapa do bacharelato busca contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que permitan ao alumnado participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitálo para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente. Neste marco, a metodoloxía debe basearse na dimensión investigadora do alumnado, na toma de decisións responsables e no desenvolvemento dun pensamento crítico e reflexivo.

En consonancia con estes principios, o currículo da materia favorece a construción do coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único. A indagación, a consulta, selección e transformación da información constitúense en paires dunha aprendizaxe que procura capacitar ao alumnado para aprender a aprender.

Seguindo esta filosofía, a metodoloxía concrétese nos seguintes puntos:

1) A realización de tarefas complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico ou dos medios de comunicación, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

2) A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das competencias e dos contidos realizarase un xeito progresivo, de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe autónoma e aumenten a capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento.

3) O tratamento integrado das linguas. Traballaremos de xeito coordinado cos departamentos lingüísticos do centro, co EDLG e co equipo da biblioteca para estimular a reflexión interlingüística e aproximar o alumnado aos usos sociais reais, onde con frecuencia hai que manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

-Promoverase que o alumnado utilice os fondos, servizos e recursos da biblioteca do centro como espazo de aprendizaxe.

2) O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles. Neste senso, procurarase a complementariedade nas situacións de aprendizaxe, para que ao longo de cada curso académico se traballen de maneira proporcionada todos os bloques de contidos.

3) A énfase na atención á diversidade do alumnado, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo.

4) O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e capacidade para relacionarse cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Asemade, o traballo colaborativo debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

5) O esforzo por mellorar a expresión escrita e a comprensión lectora, co desenvolvemento de tarefas complexas nas que o alumnado deba ler comprensivamente os textos, consiga sintetizar as ideas fundamentais e sexa quen de aportar ideas propias, sen limitarse a reproducir as do texto orixinal ou a plasmar un texto aprendido de xeito memorístico.

-A través de textos de distintos xéneros discursivos, os estudantes terán que captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-O alumnado deberá considerar as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo en aspectos como a presentación, a ortografía e puntuación, a coherencia e a cohesión e a ampliación de vocabulario.

-Co obxectivo de mellorar a súa comprensión textual, os alumnos e as alumnas tamén elaborarán resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais.

-Incidirase na importancia de revisar as correccións, como medio para mellorar a escrita, e na adquisición de mecanismos que favorezan a corrección gramatical e a ampliación do vocabulario (uso de manuais, dicionarios...).

-Traballaremos con textos xornalísticos de opinión sobre temas transversais, que permitan ao alumnado estar en conexión co que pasa no mundo, afondar na construción deste tipo de textos, ampliar o seu vocabulario e mellorar a comprensión lectora.

6) Igualmente, traballarase a literatura desde un enfoque eminentemente práctico, coa lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura clásica, desde a Idade Media ata o Romanticismo, para a identificación de itinerarios temáticos e para a análise dos seus elementos constitutivos e dos seus efectos no receptor. Tamén se incidirá na localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e nos seus vínculos intertextuais.

7) Xunto á competencia lectora e a expresión escrita traballaranse outras como a audiovisual, a competencia dixital,

o fomento da creatividade e o emprendemento. Por exemplo, coa creación dunha reseña literaria en vídeo.

8) Combinar a lectura de obras clásicas, tentando conectalas con aspectos da actualidade ou con intereses do alumnado, coa lectura de obras contemporáneas que os e as estudantes deberán seleccionar dun listado, permitindo así que poidan ir configurando o seu propio itinerario lector e sexan quen de expresar os seus gustos literarios. Tamén se proporán fragmentos de obras que estimulen o desexo de ampliar os ámbitos de coñecemento, que dean a coñecer aspectos clave do contexto sociocultural e que eleven o nivel de capacitación verbal do alumnado.

-Pór en práctica estratexias de lectura que permitan establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outras obras lidas ou con manifestacións artísticas e culturais.

-Desenvolver prácticas para a recomendación de lecturas en soportes variados, como os "booktubers".

9) Traballar o cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado, para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión.

-Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados.

10) A creación de pezas audiovisuais e a realización de pequenas exposicións que permitan ao alumnado mellorar a súa oralidade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto "Lengua castellana y literatura 1" da editorial Casals.
Aula virtual moodle, aloxada na web do centro.
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias.
Boletíns con actividades de repaso e reforzo.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

Listado de recursos que se recomendan aos alumnos na aula virtual:

Dicionarios:

Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)

Diccionario Panhispánico de Dudas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)

Observatorio de palabras de la RAE: <https://www.rae.es/portal-linguistico/observatorio-de-palabras>

Fundéu: <https://www.fundeu.es/>

Medios de comunicación:

El País: <https://elpais.com/>

El Mundo: <https://www.elmundo.es/>

El Español: <https://www.elespanol.com/>

El Diario: <https://www.eldiario.es/>

Público: <https://www.publico.es/>  
ABC: <https://www.abc.es/>  
La Voz de Galicia: <https://www.lavozdegalicia.es/>  
Faro de Vigo: <https://www.farodevigo.es/>  
Ethic: <https://ethic.es/>  
Infolibre: <https://www.infolibre.es/>  
Cadena Ser: <http://cadenaser.com>  
RTVE: <http://www.rtve.es>  
Onda Cero: <https://www.ondacero.es/>  
Europa Press: <https://www.europapress.es/>  
EFE: <https://efe.com/>

Blogs e webs sobre lingua e literatura:  
Archiletras: <https://www.archiletras.com/>  
Libropatas: <https://www.libropatas.com/>  
Babelia: <https://elpais.com/babelia/>  
ABC Cultural: <https://www.abc.es/cultura/cultural/>  
El Cultural: <https://www.elespanol.com/el-cultural/>  
Del Castellano: <https://www.delcastellano.com/>

Blogs de docentes e institutos:  
Materiales de Lengua: <http://www.materialesdelengua.org/>  
Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/blog/>  
El Velero Digital: <https://www.elvelerodigital.com/apuntes/lyl/> (actividades resoltas de sintaxe e morfoloxía)  
Sintaxis.org: <https://sintaxis.org/> (actividades resoltas de sintaxe)  
De Lengua y Literatura: <https://delenguayliteratura.com/INICIO.html>  
Análisis sintáctico: <https://www.analisisintactico.com/>

Bibliotecas virtuais:  
Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>  
Galicia Le: <https://galicia.ebiblio.es/>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial facilita non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén proporciona información individual dos nosos estudantes.

Na primeira semana de curso, elaborárase unha proba escrita con contidos mínimos da materia do curso anterior (4.º de ESO). A proba consistirá nun exercicio creado ao redor dun texto que incluírá preguntas de comprensión lectora, cuestións de reflexión acerca da lingua, unha pregunta como mínimo relacionada co eido literario e unha pregunta de redacción.

Os resultados desta avaliación inicial só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensinanza aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás calificacións dos alumnos e as alumnas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:



Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	90	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	10	<b>10</b>

### Crterios de cualificación:

O curso distribúese en tres avaliacións e a cualificación de cada unha delas responderá ás seguintes porcentaxes:  
 Probas escritas: 90%

Realizaranse dúas probas por trimestre sobre os contidos traballados nas unidades didácticas:

TIPO 1 - Bloque de Educación Literaria e Lectura obrigatoria, nas dúas primeiras avaliacións; e bloques de Educación Literaria e As linguas e os seus falantes, na terceira avaliación.

TIPO 2 - Bloques de Comunicación e Reflexión sobre a lingua.

As probas do Tipo 2 serán de avaliación continua, tal e como se especifica máis adiante. Deste xeito, os contidos deste grupo iranse engadindo ao longo do curso, mentres que os do Tipo 1 serán eliminados unha vez aprobados polo/a alumno/a.

En todas as probas escritas figurará a puntuación de cada pregunta.

Así mesmo, dada a importancia da presentación, expresión, redacción e ortografía na realización dunha proba de referencia escrita —independentemente dos contidos que se avalíen en cada proba— sempre se avaliará o bloque de Comunicación. Isto é, á hora de valorar os exercicios individuais terase en conta non só o nivel de aprendizaxe dos contidos adquiridos polos alumnos senón tamén:

-Corrección formal: descontarase ata 0,25 puntos pola falta de orde e limpeza (falta de respecto ás marxes, utilización de graffas de difícil lexibilidade, uso de liñas de distintos niveis de inclinación, etc.). É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lapis.

-Corrección ortográfica: -0,10 puntos por cada falta de ortografía e -0,10 por cada dúas tiles incorrectas.

-Tamén se terán en conta a puntuación e a corrección léxica e sintáctica. Neste senso, considerarase grave o emprego de rexistros de lingua non formais.

-Teranse así mesmo en conta as carencias na presentación de datos relevantes relativos ao tema ou temas preguntados, á ordenación lóxica da información, a estruturación dos parágrafos e o uso variado de conectores.

Como máximo, poderanse descontar 2 puntos en cada proba escrita por estas cuestións.

Se algún alumno ou alumna é sorprendido pola profesora copiando será puntuado cun 0 nesa proba. Aplicarase o mesmo principio aos casos de traballos plaxiados e non elaborados polo alumnado.

A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas probas realizadas. En caso de que nunha proba escrita o alumno ou alumna consiga unha nota inferior a 3 puntos, non poderá facer media coa nota da outra proba e esa avaliación figurará suspensa.

A incomparecencia non xustificada a un exame (oral ou escrito) é motivo de suspenso nese exame. Polo contrario, no caso de non poder asistir a un exame (oral ou escrito) por un motivo xustificad, a docente poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten do alumno ou alumna ata ese momento.

Traballo: 10%

Avaliarase cos seguintes procedementos e instrumentos:

-Observación sistemática: rexistro do traballo diario en casa e na clase no caderno da profesora.

-Análise da produción dos alumnos e das alumnas: resumos, comentarios críticos, traballos individuais ou grupais... que serán avaliados coas correspondentes rúbricas.

-Situacións orais de avaliación: probas orais e exposicións orais (presenciais ou en vídeo), que se avaliarán mediante rúbricas.

A presentación dos traballos deberá facerse no prazo establecido; do contrario, a profesora non terá o deber de recollelo, excepto nos casos debidamente xustificad.

### Libros de lectura

A avaliación dos libros de lectura realizarase no marco da proba escrita Tipo 1 no 1.º e no 2.º trimestre e mediante unha reseña literaria en vídeo no 3.º trimestre.

No primeiro trimestre a lectura proposta é «La Celestina», de Fernando de Rojas; no segundo, unha selección de

capítulos de «El Quijote», de Miguel de Cervantes. No 3.º trimestre o alumnado escollerá un título dun listado proposto pola docente.

A nota resultante da aplicación das porcentaxes deberá ser igual ou superior a 5 para superar cada avaliación.

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

A nota final da materia obterase a partir de:

-A media aritmética do apartado de traballos de cada trimestre (10%).

-A media aritmética das probas escritas Tipo 1 (Educación literaria, Lecturas obrigatorias e As linguas e os seus falantes) (45%).

-Dado que os contidos das probas escritas Tipo 2 (Comunicación e Reflexión sobre a lingua) son progresivos, escollerase para facer a media a mellor cualificación de entre as seguintes opcións: media das probas escritas nas distintas avaliacións ou nota da última proba escrita Tipo 2. (45%)

Ademais, os e as estudantes poderán ler un máximo de dúas lecturas voluntarias por trimestre, que poderán permitirlles subir a cualificación ata un punto (ata 0,50 cada unha). Estas lecturas voluntarias poderán sumarse á media do alumnado en cada trimestre, sempre que esta sexa superior ao 5. Así mesmo, a profesora establecerá unha data límite para a entrega dos traballos asociados a estas lecturas. O listado de lecturas voluntarias será facilitado pola docente.

#### **Criterios de recuperación:**

Haberá exames de recuperación das probas escritas TIPO 1 (Educación literaria, Lecturas obrigatorias e As linguas e os seus falantes) despois da 1.ª e da 2.ª avaliación.

No caso dos contidos restantes (Comunicación e Reflexión sobre a lingua) considerárase esta parte aprobada se o alumno ou alumna acada un 5 na última proba deste tipo.

Antes do remate da avaliación ordinaria, no caso de que non se acade o 5 tras aplicar as porcentaxes anteriormente expostas e só se teña suspendido a terceira avaliación dos contidos Tipo 1, o alumnado realizará unha proba escrita de recuperación desa única avaliación. Os demais alumnos e alumnas coa materia suspensa realizarán un exame escrito de toda a materia. Para aprobar será necesario sacar unha nota mínima de cinco. Lémbrese que para poder facer media o alumno ou alumna non poderá obter menos dun 3 nas probas escritas.

Avaliación extraordinaria de xuño

O alumnado que non aprobe a materia na convocatoria ordinaria examínase de todo o temario nas probas que se realizarán a partir do día 19 de xuño, segundo o calendario establecido pola xefatura de estudos. Esta proba incluírá preguntas sobre as lecturas obrigatorias. Para aprobar será necesario obter unha nota mínima de cinco.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O profesorado en segundo de Bacharelato de cada alumno ou alumna coa materia pendente fará o seu seguimento durante o curso. Establécense dúas vías para superar a materia pendente:

- Realización de dous exames parciais sobre o currículo de Lingua Castelá e Literatura en 1º curso de Bacharelato. Os alumnos e alumnas examínaranse dos seguintes temas, tendo como referencia o libro de texto de 1.º de bacharelato de Casals.

#### MATERIA 1.º PARCIAL:

-Clases de palabras I

-Clases de palabras II

-O sintagma. Funcións sintácticas.

-A oración.

-A literatura medieval.

-O Prerrenacemento.

-O Renacemento: a poesía.

-O Renacemento: a prosa e o teatro.

#### MATERIA 2.º PARCIAL:

-O texto e as súas propiedades.

-Formas de organización textual. Os medios de comunicación.

-As variedades da lingua.

- O Barroco: a poesía.
- O Barroco: a prosa e o teatro.
- Neoclasicismo e Prerromanticismo.
- Romanticismo, Realismo e Naturalismo.

Cada exame puntuarase de 0 a 10 puntos. O aprobado estará en 5 puntos. Os alumnos que obteñan 10 puntos entre as dúas probas aprobarán a asignatura, sempre que teñan conseguido un mínimo dun 35% en cada un dos exames.

O alumnado que non supere estas dúas probas deberá realizar un exame final de toda a materia. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

#### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Este apartado non procede nesta materia.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Os estudantes son moi diferentes entre si e afrontan a súa experiencia escolar de xeito moi diverso. Proceden de contextos socioculturais diferentes, teñen aptitudes cognitivas moi diversas e presentan unha maior ou menor disposición cara a aprendizaxe. Como resultado, as súas necesidades persoais e educativas son, no seu conxunto, distintas.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Para atender estas necesidades, concrépanse as seguintes medidas:

- Presentar os contidos de forma variada e motivadora.
- Utilizar métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Realizar actividades de reforzo que teñan en conta os coñecementos previos do alumno, aínda que estes impliquen partir de máis atrás, co obxectivo de paliar as deficiencias iniciais de aprendizaxe.
- Esmiuzar o proceso de aprendizaxe en cantas fases intermedias sexa preciso.
- Desenvolver os contidos de xeito gradual e progresivo, de maneira que os alumnos e as alumnas vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- Realización de tarefas e proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles.
- Proporcionar actividades de ampliación e unha listaxe de lecturas opcionais que atendan a distintos ritmos de aprendizaxe e de intereses.
- Resolución de problemas e conflitos de xeito colaborativo.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos		X						X
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática			X					X
ET.3 - O respecto polas diferenzas				X				
ET.4 - A formación estética	X			X			X	
ET.5 - A educación para a saúde				X				X
ET.6 - O fomento do espírito crítico			X	X				X
ET.7 - O desenvolvemento sostible								X

	UD 9
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos	X
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática	X
ET.3 - O respecto polas diferenzas	X
ET.4 - A formación estética	
ET.5 - A educación para a saúde	
ET.6 - O fomento do espírito crítico	
ET.7 - O desenvolvemento sostible	

### Observacións:

Tal e como se sinala no DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas que lle permitirán responder aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas coas diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sustentable e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Desde a práctica da materia evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A unidade didáctica 9, que estuda as variedades lingüísticas, contribúe á defensa dos dereitos humanos e o respecto polas diferenzas. A unidade didáctica dos medios de comunicación (8), é especialmente interesante para traballar os elementos transversais, ao analizar textos de distintas temáticas (dereitos humanos, educación para a saúde, situacións de risco derivadas do uso das TIC, sustentabilidade...). A análise dos textos literarios clásicos desde unha perspectiva actual tamén permite reflexionar sobre cuestións como os dereitos humanos e contribúe a que os alumnos e as alumnas aprecien o seu patrimonio cultural e artístico e sexan conscientes da necesidade de protexelo.

Por outra banda, o debate na aula favorecerá o desenvolvemento do espírito crítico e á resolución pacífica de conflitos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concurso de microrrelatos de terror	En colaboración coa biblioteca do centro, con motivo do Samaín.	X		
Certame literario de relato curto	Con motivo da celebración do Día do libro o departamento proseguirá coa realización do Certame literario de relato curto, dirixido a todo o alumnado do centro. Esta actividade incluírá un acto de entrega dos premios para os concursantes galardoados.		X	
Proxecto lector	Propoñer lecturas voluntarias que conecten cos seus intereses.	X	X	X
Participación na radio e na revista do centro.	Promoverase a elaboración de textos orais e escritos para a radio e a revista do centro.	X	X	X

### Observacións:

As actividades diarias realizadas na aula serán complementadas de modo que o alumnado aprecie o aspecto práctico e funcional do proceso de ensinanza aprendizaxe conectando este coa súa contorna sociocultural.

É difícil elaborar un catálogo preciso destas actividades, xa que pola súa natureza son susceptibles de cambios e adicións ao longo do curso. Ademais, estas serán tomadas en consenso polos membros do Departamento.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Aplícanse os procedementos e os criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilízanse diferentes instrumentos de avaliación.
Desenvólvense procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo.
Aplícanse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplícase a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Explícanse e corríxense as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Póñense en práctica medidas para estimular o hábito lector.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Empréganse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Empréganse os materiais e recursos didácticos programados.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Lévanse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Propóñense actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Promóvese a construción dun clima de empatía, confianza e convivencia na aula.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Infórmase á familia da evolución do alumno/a.

Realízase unha coordinación ao inicio de curso entre o profesorado do grupos.

### **Descrición:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: secuenciación de contidos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados